Asunto: INFORME DXSAP SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS.

O día 17 de xullo de 2024, ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) solicitude de informe preceptivo remitido desde a Subdirección Xeral de Persoal e Xestión Económica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras sobre unha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) de dita consellería.

A solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

-Memoria funcional.

-Memoria económica.

-Táboa de equivalencias

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A proposta de modificación da RPT que se informa é consecuencia da adaptación da vixente RPT da consellería aprobada por Resolución do 12 de maio do 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio do 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG nº 97, do 24 de maio) aos cambios introducidos na estrutura orgánica da consellería polo Decreto 142/2024, do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (DOG nº 101, do 27 de maio).

Ademáis a disposición adicional décimo segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, suprime as xefaturas territoriais existentes nas conselleiras, cuxas competencias e funcións pasan a ser asumidas polas Direccións Territoriais previstas no artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, na

CVE: t20XK2xD7x8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

redacción dada pola disposición derradeira primeira do Decreto 49/2024, do 22 de abril.

Trala entrada en vigor do Decreto 142/2024 do 20 de maio, a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pasa a ser a seguinte:



CVE: t20XK2xD7x8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En canto a estes cambios derivados da nova estrutura acordada polo Decreto 142/2024 cómpre sinalar que os mesmos xa foron obxecto de informe favorable por parte deste centro directivo.

SEGUNDO. Modificacións

De acordo co exposto, a modificación da RPT remitida contempla as seguintes propostas:

a) Amortizacións

Relación de postos a amortizar:

CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN DO POSTO	CÓDIGO DO POSTO	SUBGRUP	NIVEL	FORMA PROV	CORPO/ESC	ADSCR. ADM. PUB.
DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	MA.C05.00.001.15770.001	A1	30	LD	XERAL/ESP	A18
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	XEFE/A TERRITORIAL	IV.C99.10.000.15001.001	A1A2	28	LD	A3	A12
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	XEFE/A TERRITORIAL	IV.C99.10.000.27001.001	A1A2	28	LD	A3	A12
XEFATURA TERRITORIAL OURENSE	XEFE/A TERRITORIAL	IV.C99.10.000.32001.001	A1A2	28	LD	A3	A12
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	XEFE/A TERRITORIAL	IV.C99.10.000.36001.001	A1A2	28	LD	A3	A12

b) Creacións

Relación de postos a crear:

CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN DO POSTO	CÓDIGO DO POSTO	SUBGRUP	NIVEL	FORMA PROV	CORPO/ESC	ADSCR. ADM. PUB.
SECRETARÍA DE VIVENDA E URBANISMO	SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN	IV.301.00.001.15770.001	A1	30	LD	XERAL/ESP	A18

CVE: t20XK2xD7x8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Modificacións

Relación de postos a modificar:

Xefatura de Servizo de Apoio Técnico (cambio de dependencia e de Corpo/escala):

RPT ACTUAL								
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**	**SUBGRUP**	**NIVEL**	**FORMA PROV**	**CORPO/ESC**	**FORM**	**ADSCR. ADM. PUB.**
DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	XEFATURA SERVIZO DE APOIO TÉCNICO	MAC05.00.003.15770.020	A1	28	CE	ESA/ESE1	640	A18
MODIFICACIÓN PROPOSTA								
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**	**SUBGRUP**	**NIVEL**	**FORMA PROV**	**CORPO/ESC**	**FORM**	**ADSCR. ADM. PUB.**
SECRETARÍA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO	XEFATURA SERVIZO DE APOIO TÉCNICO	IV.301.00.001.15770.010	A1	28	CE	XERAL/ESP	640	A18

Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo (cambio de denominación, de Corpo/escala por sentencia do Tribunal superior de Xustiza do 21 de maio de 2008, supresión do requisito de licenciatura en dereito, e peche da adscrición a outras Administracións):

RPT ACTUAL						
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**	**CORPO/ESC**	**TITULACIÓN**	**FORM**	**ADSCR. ADM. PUB.**
DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO	MAC05.00.003.15770.001	XERAL	2062	640	A18
MODIFICACIÓN PROPOSTA						
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**	**CORPO/ESC**	**TITULACIÓN**	**FORM**	**ADSCR. ADM. PUB.**
DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	SUBDIRECCIÓN XERAL DE APOIO XURÍDICO E XESTIÓN ECONÓMICA	IV.302.00.002.15770001	XERAL/ESP			AGX

CVE: t20XK2xD7x8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xefatura de Servizo de Ordenación Territorial (cambio de denominación e de adscrición):

RPT ACTUAL		
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**
SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (proposta a súa amortización)	XEFATURA DE SERVIZO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL	MA.C05.00.001.15770.010
MODIFICACIÓN PROPOSTA		
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**
SUBDIRECCIÓN XERAL DE APOIO XURÍDICO E XESTIÓN ECONÓMICA	XEFATURA DE SERVIZO DE INFORMES SECTORIAIS	IV.302.00.002.15770.020

Xefatura de Xestión Económica e Orzamentaria (cambio de adscrición):

RPT ACTUAL		
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**
SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (proposta a súa amortización)	XEFATURA SERVIZO XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA	MA.C05.00.000.15770.090
MODIFICACIÓN PROPOSTA		
CENTRO DE DESTINO	**DENOMINACIÓN DO POSTO**	**CÓDIGO DO POSTO**
SUBDIRECCIÓN XERAL DE APOIO XURÍDICO E XESTIÓN ECONÓMICA	XEFATURA SERVIZO XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA	IV.302.00.002.15770.030

Por último **o Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais** dependente tamén da extinta Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio na Dirección Xeral de Urbanismo, adscribirase á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, dado que as funcións que viña desenvolvendo esta unidade administrativa, en virtude do previsto no artigo 13 do Decreto 42/2019, de 28 de marzo, por el que se establece la estructura orgánica de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, en

CVE: t20XK2xD7x8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

materia de costas e de autorizacións en zona de servidume de protección do dominio público marítimoterrestre, pasan a ser asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático tendo en conta que as competencias en materia de ordenación do litoral serán asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

TERCEIRO. En relación coa memoria económica, pronunciarase a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

CUARTO. Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, emite **informe favorable** sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 23/07/2024 12:49:59

SUBDIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL E XESTIÓN ECONÓMICA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS

CVE: t20XK2xD7x8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve